

AVANCES E TROPEZOS NA HISTORIA  
DA COMUNICACIÓN

*Alberto Pena*  
Universidade de Vigo

É sempre difícil avanzar na narración da Historia. O devir histórico proxéctase sobre unha realidade sempre nova, descoñecida, desconcertante, ás veces previsible, pero case sempre sorprendente. En cambio, a narración histórica, paradoxalmente, é un oficio que require da pericia dos caranguexos, que se adaptaron a camiñar sempre cara a atrás ou en paralelo, pero sen perder de vista nunca o que teñen diante para superar mellor os obstáculos que arrastran as mareas e sortear os rochedos coa suficiente habilidade para sobrevivir ás correntes mariñas. A corrente da Historia, que é como unha marea que está sempre subindo, que só retrocede para coller impulso en cada novo avance, é, neste sentido metafórico, imparabile, insuperable. É certo que se pode facer prospectiva histórica, aínda que só para prever acontecementos a curto prazo ou para deseñar ciclos cronolóxicos sobre determinados temas, pero a verdadeira Historia en calquera dos seus ámbitos (políticos, social, económico, cultural ou da comunicación...), que se constrúe cun método preciso que paute, analice, avalíe e conclúa con exhaustividade científica, só camiña para atrás.

Xa que logo, construír a Historia cientificamente, que non facer Historia ou dar leccións de Historia, é conquistar o tempo pasado, darlle forma de acontecementos, relacionar feitos con parámetros metodolóxicos, confrontar datos con cronoloxías, abrir mundos novos ao coñecemento humanístico por medio das pegadas documentais, hemerográficas e bibliográficas que nos axuden a interpretar datos e, a través dun proceso de análise, a unir as

distintas pezas do quebracabezas que nos axuden a comprender o que pasou de *verdade*. E, curiosamente, só coñecendo o que pasou podemos chegar a adiviñar o que pode pasar.

En España a historia da comunicación é, probablemente, unha das historias especializadas máis novas dentro do eido universitario, aínda que tamén das de maior puxanza debido á rápida implantación de estruturas académicas (facultades, departamentos, institutos universitarios, etc.) que están a potenciar as disciplinas de carácter histórico nas distintas titulacións de Ciencias da Comunicación, na maioría dos casos porque o propio Ministerio de Educación favorecía a súa implantación como materias troncais. Aínda que a máis común é a historia da comunicación, nun sentido global, actualmente, podemos atoparnos con decenas de materias de carácter histórico que abranguen diferentes aspectos especializados da industria da comunicación, facendo distinción por soportes ou por tipos de actividade, como a historia da prensa, a historia do xornalismo, a historia da televisión, a historia da radio, a historia do cine, a historia da propaganda, a historia da fotografía ou a historia da comunicación audiovisual. Con todo, este estendido protagonismo académico necesita aínda o pouso suficiente para que se profesionalice este horizonte investigador, no que hai moitos docentes en formación que, por outra parte, compaxinan a docencia da historia da comunicación con outras especialidades, o que non lles permite dedicarse con maior rigor e disciplina a estudar os distintos aspectos deste ámbito da historia.

A Asociación de Historiadores da Comunicación (AHC) naceu precisamente hai máis dunha decena de anos co sentido de servir como espazo de encontro académico para todos aqueles investigadores que tiñan xa publicadas varias obras de referencia neste contexto de investigación e como plataforma de formación e de promoción para todos aqueles doutorandos que iniciaban a súa especialización histórica. Actualmente é unha asociación académica consolidada dentro do panorama universitario español con máis dun cento de socios que promoven, polo menos, un congreso cada ano e medio dedicados a debater sobre temas monográficos,

ademais de suscitar debates de carácter metodolóxico, que permiten abordar etapas históricas ou asuntos específicos co obxectivo de seguir avanzando na investigación. O último volume monográfico editado pola AHC foi *Comunicación y Guerra en la Historia* (Santiago de Compostela, Tórculo, 2004), resultado do congreso que se organizou na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo en abril de 2003, coincidindo casualmente coa invasión de Iraq, que estivo moi presente nos debates dos investigadores. En Barcelona, na Universidade Pompeu Fabra, en novembro de 2005, tamén se celebrou outro congreso que, de xeito tamén moi oportuno, fixo un balance sobre a comunicación social na etapa democrática que sucedeu o franquismo. O próximo congreso será coordinado pola Universidade de Sevilla e tratará o tema de «República e republicanismo en España». A AHC, xa que logo, está resultando determinante para o avance da historia da comunicación en España, representando un centro de debate aberto e plural, como queda de manifesto na organización itinerante dos seus congresos en moitas universidades españolas e na abordaxe de aspectos orixinais ou clásicos dende unha revisión fundamentada.

É de xustiza mencionar tamén o traballo realizado dende o Departamento de Historia da Comunicación da Universidade Complutense de Madrid –que é o único departamento con esta designación en España– no que se formaron decenas de doutores que, na actualidade, traballan noutras universidades españolas. A el pertencen científicos de referencia, como os profesores Seco Serrano, Gil Novales, Baamonde Magro, Timoteo Álvarez e Pizarroso Quintero, que publicaron obras dunha gran repercusión académica.

Pero, sen ánimo de ser, nin moito menos, exhaustivo, é necesario facer un repaso xeral das obras publicadas en España dentro do ámbito histórico da Comunicación, máis alá das actividades da AHC. Imos tentar aproximarnos ás fortalezas e debilidades da investigación que se vén publicando nos últimos tempos. En primeiro lugar, creo que o volume de edición de libros sobre a historia da comunicación se multiplicou exponencialmente nos últimos anos, froito das necesidades bibliográficas das universida-

des e das estratexias comerciais dalgunhas editoriais que, máis que pretender recuperar a memoria histórica, pretenden dar resposta ao crecente interese do público en xeral polas cuestións relacionadas cos medios da comunicación. Neste segundo caso, estamos ante libros de carácter divulgativo, elaborados non cun sentido de oportunidade científica, senón de oportunidade comercial. No primeiro caso, encontrámonos diante dun fenómeno que non contribúe especialmente ao avance da investigación: os manuais. En segundo lugar, gran parte das publicacións da historia da comunicación son libros de texto, algúns elaborados con enorme acerto e incluso con base científica, pero a maioría son obras que recollen o que está publicado noutros manuais e, en xeral, utilizan fontes bibliográficas exclusivamente. Algunhas destas obras incluso foron traducidas a outras linguas, como a *Historia de la Prensa*, coordinada por Alejandro Pizarroso Quintero. Esta quizais representa unha das maiores debilidades que ten neste momento o ámbito de especialización que nos ocupa: hai demasiado interese compilador por dar unha visión de conxunto, cunha visión demasiado divulgativa. É innegable que as editoriais prefiren libros deste tipo, que garanten, na maioría dos casos, a venda dun número de exemplares mínimo, pero son os menos científicos. No mercado editorial español pódense encontrar máis de dúas decenas de historias da comunicación de diversos autores, pero son menos as monografías serias e rigorosas metodoloxicamente porque a súa rendibilidade comercial non está garantida.

En xeral, creo que, en calquera caso, debemos felicitar-nos polos resultados obtidos nos últimos tempos porque, pouco a pouco, se van consolidando os equipos de investigación e os ámbitos de estudo. Cada vez existen proxectos máis ambiciosos que, seguindo múltiples clasificacións, fan avanzar a historia da comunicación, especialmente cun sentido local e comarcal. En Galicia houbo un notable avance grazas ao pulo das universidades e do Consello da Cultura Galega. Dende a publicación da monumental obra de catalogación hemerográfica de Enrique Santos Gayoso (*Historia de la Prensa Gallega*, Sada, Edicións do Castro, 2 vols., o segundo editado en 1995) houbo notables avances.